

AUTORIZACIÓNS MATRÍCULA

D./DNA.

CON DNI

COMO PAI/NAI/TITOR LEGAL DO ALUMNO/A

DOUME POR INFORMADO/A, AUTORIZO E ACEPTO A RESPONSABILIDADE DA DOCUMENTACIÓN QUE A CONTINUACIÓN SE ENGADE:

USO DA APLICACIÓN ABALAR MÓBIL

Si Non

O abalar móbil permite consultar a través da internet diariamente calquera incidencia de clase anotada polo profesor/a como faltas a clase, atrasos, amoestacións, expulsións da aula, xustificar as faltas de asistencia, solicitar titorías con calquera profesor e consultar as cualificacións do seu fillo/a ao remate de cada avaliación. Todas as funcionalidades que permite a aplicación e o seu uso poden consultarse na páxina web do instituto. De autorizarse este sistema, non se enviarán as faltas de asistencia por escrito ás casas.

Tlf. móbil NAI:

Tlf. móbil PAI

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Si Non

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Autorizo ao meu fillo/a a participar nas actividades complementarias que se realicen durante o curso. Esta autorización implicará a obrigatoriedade de participar en todas as actividades complementarias que se celebren ao longo do curso e se realicen dentro do horario lectivo. Nalgúns casos pódense estender a parte do horario non lectivo do día, e que supoñan o desprazamento do alumnado fóra do recinto escolar a pé ou en calquera medio de transporte cun custo de 0 € para o alumnado. Neste apartado cabe incluír as visitas didácticas, traballos de campo. etc.

AUTORIZACIÓN DE PERMANENCIA NO CENTRO OS LUNS A MEDIODÍA

Si Non

O recinto escolar e a cafetería do instituto permanecen abertos os luns a mediodía (e algún outro día no caso de haber algunha actividade pola tarde).

Neste horario (de 14:10 a 16:30) non hai no centro ningún profesor nin membro do equipo directivo que tutele ao alumnado que permaneza no recinto, quedando baixo a súa responsabilidade absoluta (dos propios alumnos e dos seus pais ou titores legais) calquera feito que aconteza nese intervalo.

Este documento debe ser asinado por todos os pais/nais/titores legais, independentemente de que os seus fillos queden ou non ó mediodía.

AUTORIZACIÓN CONTAS DE CORREO DO CENTRO

(Só alumnos de nova incorporación no centro)

Si Non

Con obxecto de facilitar a integración das novas tecnoloxías na vida educativa do centro, consideramos conveniente a creación de contas de correo electrónico para todo o alumnado co dominio iesdavidbujan.gal e utilizando as ferramentas gratuítas de Google para Educación. Para a creación destas contas de correo non haberá que facilitar máis datos persoais que o nome e o primeiro apelido e serán xestionadas por nós. Dado que os rapaces/as menores de 14 anos necesitan a autorización dos pais para crearen unha conta de correo electrónico, pedímoslles que asinen o presente onde autorizan a creación da conta de correo do centro para o seu fillo/a que será utilizada para fins educativos. As contas de correo levarán, por regra xeral, como nome de usuario o nome e primeiro apelido da súa filla/o. O contrasinal será persoal e creado polo propio usuario. Se vostede quixese restituír o contrasinal ou saber algo máis sobre este servizo, non ten máis que pórse en contacto coa dirección do Centro.



Autorización para o uso de imaxes polo centro educativo

Autorización para o tratamento de imaxes de alumnos e alumnas para o curso escolar <input type="text"/>	
Nome e apelidos do alumno/a: <input type="text"/>	
Idade do alumno/a: <input type="text"/>	NIF do alumno/a maior de catorce anos: <input type="text"/>
Nome e apelidos da nai, pai ou titor/a ¹ : <input type="text"/>	
NIF do pai, nai ou titor/a: <input type="text"/>	

Autorizo ao IES David Buján dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro coma fóra deste.

A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión da actividade² do centro:

Páxina web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdavidbujan/	Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/>
Twinspace (programa eTwinning da UE) https://school-education.ec.europa.eu/en/twinspace	Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/>
Canles de Youtube de https://www.youtube.com/@direccioniesdavidbujan https://www.youtube.com/@youtubeiesdavidbujan6069	Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/>
Redes sociais Facebook IES David Buján https://www.facebook.com/profile.php?id=100063976361291 Instagram IES David Buján https://www.instagram.com/iesdavidbujan/ Instagram Biblioteca https://www.instagram.com/bibliotecaiesdavidbujan/ Instagram Igualdade https://www.instagram.com/recreandoigualdade/	Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/>
Documentos ou memorias de actividades, revista do centro, trípticos ou carteis ou montaxes multimedia de promoción de actividades	Si <input type="radio"/> Non <input type="radio"/>

A presente autorización entenderase feita a título gratuito e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo IES David Buján
Lexitimación para o tratamento	Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
Destinatarios/as dos datos	As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos .

Cambre, a de de 2024

Asdo.: O/A alumno/a
(só no caso de que teña cumpridos 14 anos)

Asdo.: Nai, pai, ou titor/a
(se o/a menor non ten cumpridos os 14 anos)

¹ A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.

² A difusión da imaxe a través de redes sociais e outras canles alleas a Consellería podería supoñer unha transferencia internacional de datos persoais a destinatarios establecidos fóra do Espazo Económico Europeo en países que non fosen declarados de nivel adecuado de protección.